


RESUMO PLAN DE ADAPTACIÓN COVID-19

Estimadas familias:

Segundo o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19, informámoslles daqueles aspectos máis importantes a ter en conta durante esta situación, ao mesmo tempo que pedimos a súa **colaboración** para levalo adiante:

ENTRADAS E SAÍDAS:



O obxectivo principal desta proposta é evitar as **aglomeracións** e os tempos de espera nas entradas e saídas.

O éxito deste plan vai depender do **cumprimento estrito dos horarios establecidos**.

-**Educación Infantil** entrará pola cancela automática, accedendo ao centro pola porta destinada a esta etapa.

-**1º, 5º e 6º** entrarán pola cancela pequena e accederán ao centro pola porta de conserxería.

-**2º, 3º e 4º** entrarán polo portalón grande e accederán ao centro pola porta de entrada do ximnasio.

O alumnado **entrará só** no recinto. **Non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo**. Para calquera consulta deberase pedir **cita previa** mediante chamada telefónica.

O alumnado **entrará directamente ás aulas**, sen facer filas e gardando a distancia de seguridade.

Na **saída das 14:15** farán o mesmo percorrido de xeito inverso. As familias agardarán sempre fóra do recinto escolar.

HORARIOS DE ENTRADA

	CANCELA AUTOMÁTICA	CANCELA PEQUENA	CANCELA GRANDE
09:00	5 ANOS	5º e 6º	
09:05	4 ANOS		3º e 4º
09:10	3 ANOS	1º	2º

-As familias con dous ou máis fillos/as **CHEGARÁN NO HORARIO DO MÁIS PEQUENO/A**.

-O alumnado usuario do **TRANSPORTE ESCOLAR**, accederá ao centro no momento da chegada do autobús.

-Para acceder ao colexio, o servizo de transporte escolar funcionará no mesmo horario que o curso pasado.

COMEDOR ESCOLAR:

O horario do comedor escolar será o mesmo que o curso anterior.

O alumnado de **Educación Infantil** comerá na súa propia aula, baixo a supervisión dunha coidadora por grupo, que será sempre a mesma.

O alumnado de **Educación Primaria** comerá na sala de Comedor, distribuídos conforme á concepción de **grupos estables de convivencia**. Cada grupo mantén cos demais unha distancia mínima de **1,5 metros de separación**.

HORARIOS DE SAÍDA DO COMEDOR ESCOLAR

As familias que **recollan** aos seus fillos e fillas no colexio despois do servizo de comedor farano no seguinte horario:

	CANCELA AUTOMÁTICA	CANCELA PEQUENA
15:15	EDUCACIÓN INFANTIL	
15:25	1º e 2º	
15:35	3º e 4º	
15:45		5º e 6º

Reiteramos a importancia do **cumprimento estrito** dos horarios anteriores para **evitar** as **aglomeracións** e os **tempos de espera** no momento da saída.

Despois do servizo de comedor, os **autobuses** sairán desde o colexio, no seguinte horario:

3 ANOS e 4 ANOS	15:25
5 ANOS, 1º e 2ºA	15:30
2ºB, 3º e 4º	15:40
5º e 6º	15:45

INICIO DO CURSO:

O **xoves, 10 de setembro**, incorporárase o alumnado de:

4º de Ed. Infantil (3 anos) (*)

5º de Ed. Infantil (4 anos)

1º, 2º e 3º de Ed. Primaria ()**

*O alumnado de 4º de Educación Infantil (3 anos) irase incorporando paulatinamente seguindo o período de adaptación.

(**) Neste primeiro día, o alumnado de 1ºA incorporárase ás **09:30** e o de 1ºB farao ás **09:45** para escalonar a súa entrada.

O **venres, 11 de setembro**, incorporárase o alumnado de:

6º de Ed. Infantil (5 anos)

4º, 5º e 6º de Ed. Primaria

Desta maneira, o venres día 11 xa estaría incorporada ás aulas a totalidade do alumnado das etapas de Infantil e Primaria.

Os titores/as contactarán coas familias, telefónicamente ou a través da páxina web, para explicar diferentes aspectos da titoría (material, metodoloxía, reunións,...)

GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA:

- Cada aula será un Grupo Estable de Convivencia que non poderá ter contacto con outros grupos agás no servizo de transporte. Cada grupo terá asignado un baño de uso exclusivo, unha zona de recreo e un lugar concreto no comedor.

MEDIDAS HIXIÉNICAS A TER EN CONTA:

- As máscaras serán obrigatorias en toda a Primaria e altamente recomendables en Infantil durante toda a xornada escolar, agás nas merendas e no momento de comer.
- No **transporte escolar** o uso da máscara será obrigatorio.
- Todo o alumnado deberá vir ao colexio cunha máscara posta e outra de reposto nun estoxo específico co seu nome (nunca de plástico).
- É responsabilidade da familia o axeitado mantemento hixiénico da máscara, mochilas, estoxo e demais materiais.
- As aulas estarán dotadas de xel hidroalcohólico, papel, papeleira con tapa e pedal e desinfectante.
- As familias deberán medir a temperatura dos seus fillos e fillas **antes de saír da casa**, seguindo as indicacións da seguinte táboa:

De presentar calquera destes síntomas, solicitar consulta telefónica co seu pediatra no centro de saúde		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5 ºC		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

De amosar febre ou outro dos síntomas, terán que informar ao equipo COVID do colexio e solicitar cita no Centro de Saúde para que avalíen a situación. Para solicitar ou aportar información ao Centro relacionadas coa COVID empregarán o seguinte número: **TELÉFONO COVID: 675599522**

Moitas gracias pola vosa colaboración!